



**SOLICITUDE DE PERMISO PARA REALIZAR FOGUEIRAS DE SAN XOAN E SAN PEDRO**

D./D<sup>a</sup>. ..... con DNI/NIE  
núm....., do cal xunto unha copia, con enderezo a efectos de notificación  
en .....e tfno. de contacto.....

EXPOÑO: Que desexo realizar unha fogueira o día ..... (San Xoan) e/ou o día ..... (San Pedro), no  
lugar de .....  
.....  
.....

Que o solicitante manifesta que coñece, acepta e comprométese a cumprir as instrucións que forman parte  
desta solicitude no ANEXO I

Polo que SOLICITO a pertinente autorización municipal.

Cedeira, ..... de xuño de 2017

O/A solicitante

---

DILIXENCIA:

■ Vista a anterior solicitude informo a mesma de xeito .....

Policía Local, ..... de xuño de 2017

■ Considerando o anterior, esta Alcaldía resolve ..... a fogueira solicitada con  
suxeción ás condicións xerais que se reflicten no anexo I desta dilixencia.

Déselle traslado da presente autorización ao Servizo Provincial de Prevención e Defensa contra Incendios  
Forestais.

O alcalde,



## ANEXO I

1. As **solicitudes de autorización** de fogueiras na noite de San Xoan e/ou San Pedro deberán presentarse no **Rexistro Xeral do Concello de Cedeira** antes do día **19 de xuño de 2017 ás 14:00 horas**. O/a solicitante deberá recoller a pertinente autorización no Concello a partir do **21 de xuño de 2017**.
2. O combustible empregado para queimar será de tipo vexetal. Queda prohibido queimar neumáticos, plásticos, aceites e calquera material inflamable (sprays...) e calquera sustancia que ó arder desprenda fume tóxico.
3. A fogueira deberá queimarse nun lugar despexado no que nin as laparadas nin as chispas poidan alcanzar as árbores, debendo gardarse un perímetro libre de combustibles (árbores, matorrais, vexetación) de 15 metros - desbrozando se fose necesario esta zona - e de 10 metros a edificios, medido dende o borde da luminaria.
4. Non poderán facerse fogueiras na zona de dunas, nin nas vías ou zonas asfaltadas.
5. Non se poden realizar fogueiras baixo tendidos eléctricos, telefónicos, debendo manterse a mínima distancia ás instalacións aéreas de 10 m. (medida dende a vertical do borde da luminaria).
6. Non se poden realizar fogueiras no entorno de ningún local ou depósito onde se almacenen produtos inflamables nin en xeral preto de calquera infraestrutura ou elemento público ou privado que poida verse afectado negativamente polas consecuencias da fogueira.
7. A altura máxima non superará os 3,5 metros nin o diámetro de 4 metros. Dependendo da magnitude do lume disporase dun medio de extinción suficiente (auga, terra, area, etc.)
8. Disporase dun pequeno botiquín de primeiros auxilios especialmente equipado para queimaduras.
9. Non poderá iniciarse ningunha fogueira cando as condicións meteorolóxicas poidan dificultar o seu control, especialmente o vento. Así mesmo, se iniciados a mesma se producise a aparición de vento que poidan dificultar a vixilancia e extinción da fogueira, ésta deberá apagarse de inmediato
10. A fogueira permanecerá vixiada polo/a solicitante ata a súa total extinción sen que se observen lapas ou brasas.
11. A responsabilidade dos danos e desperfectos causados na súa propiedade, fincas colindantes e outros efectos, así como de que unha vez finalizada a festa queden apagadas totalmente as cinzas, será exclusivamente do/da solicitante.
12. O/A solicitante deberá proceder á limpeza da zona afectada unha vez rematada a actividade autorizada.

Recibido e asinado en proba de conformidade, responsabilizándose o/a solicitante do cumprimento das condicións (anexo I) baixo as que se suxeita esta autorización.

Cedeira , a ..... de xuño de 2017

O/A solicitante